



Concello de Rábade

DECRETO DE ALCALDÍA

Con data 8 de novembro de 2018, procedeuse mediante Decreto de Alcaldía a aprobación das bases de selección dun/ha administrativo de primeira adscrito á oficina de servizos xerais do Concello de Rábade, a tempo parcial (30 horas semanais) por un prazo de 10 meses, con cargo ao programa "Fomento do Emprego. Depuemprego 2018 (Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018)".

Tendo en conta que a base cuarta punto primeiro establece un prazo de 5 días naturais a contar a partir da publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, que se seleccionará mediante concurso-oposición, e que o citado anuncio publicouse o 8 de novembro de 2018. Rematado o citado prazo e tendo en conta que a base quinta establece que se procederá a ditar resolución sobre os candidatos admitidos provisionalmente e se concederá un prazo de 2 días para a subsanación de defectos no caso de que algunha das solicitudes presente tales defectos.

E que con data 19 de novembro do actual aprobouse a relación definitiva de admitidos no procedemento de selección, ao ter presentado os solicitantes toda a documentación esixida na base Terceira.

Que con data posterior advertiuse por esta administración a omisión na relación de admitidos de dúas instancias de participación presentadas en prazo a través do SIR (Sistema de Interconexión de Rexistros) ao que está adherido este Concello, ao abeiro do disposto no artigo 16.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando a necesidade da corrección da lista de admitidos a participar no procedemento, tendo presente o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que *"as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos."*

Analizadas as solicitudes presentadas, e tendo en conta que todas cumpren cos requisitos de ter presentada documentación xeral esixida nas bases, presentar os correspondentes méritos alegados así como a presentación de fotocopia do D.N.I., polo que non proceder requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Deixar sen efecto a relación definitiva de admitidos do apartado primeiro da resolución de Alcaldía de data 19/11/2018 e aprobar, en consecuencia, a seguinte relación **definitiva** de admitidos no procedemento de selección que se está a seguir neste Concello para a contratación dun/ha administrativo de primeira adscrito á oficina de servizos xerais do Concello de Rábade, ao ter presentado toda a documentación esixida na base Terceira:

D.N.I	NOME
33.324.909-W	Bosco Penas González
33.343.594-B	Teresa Novo Veiga
33.537.741-S	Paula Pillado Rozas
76.578.602-X	Roberto Losada Vázquez
33.552.614-F	Óscar López Piñeiro
33.542804-H	M ^a . Begoña López Gómez
33.842.190-J	María del Carmen Yáñez Pérez
34.271.388-P	Isabel Somoza González

SEGUNDO: Do mesmo xeito, deixar sen efecto a convocatoria do Tribunal contida no apartado segundo da resolución de Alcaldía de data 19/11/2018 e, en consecuencia, proceder a convocar novamente ao citado Tribunal para o día 23 de novembro ás 11:00 horas no salón de plenos da casa consistorial de Rábade aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios o presente Decreto, así como dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Concello de Rábade



Concello de Rábade

En Rábade, a 21 de novembro de 2018.
O Alcalde-presidente,

Asdo: Francisco Xosé Fernández Montes.
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.